



Concello de Campo Lameiro

Expediente núm.: 363/2021

Acordo do Pleno de aprobación provisional

Procedemento: Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora servizo recollida de lixo.

Data de iniciación: 06/10/2021

ACORDO DO PLENO

MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA-INTERVENTORA deste Concello,

CERTIFICO

Que en sesión *ordinaria* do Pleno de data 2 de decembro de 2021, coa asistencia de sete membros da Corporación, entre outros se adoptou o Acordo do tenor literal seguinte:

MODIFICACION ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

«Visto que, de conformidade coa Providencia de Alcaldía de data 6 de outubro de 2021, foi emitido informe por Secretaría referente ao procedemento a seguir e á Lexislación aplicable.

Visto que foi entregado, polos Servizos Técnicos Municipais, o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por modificación artigo 2 da vixente Ordenanza Fiscal.

Visto o proxecto de MODIFICACION da Ordenanza fiscal e de conformidade co disposto na Providencia de Alcaldía, informouse favorablemente o expediente por Intervención.

Visto o expediente administrativo tramitado.

Vista a proposta de Ditame da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Contratación, o Pleno deste Concello, previa deliberación e por unanimidade dos sete membros presentes, adopta o seguinte: **ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal da taxa por modificación do artigo 2 da vixente Ordenanza Fiscal, nos termos que figura no expediente

ARTÍGO 2. Feito Imponible

Constitue o feito imponible da taxa a prestación e recepción obrigatoria¹ do servizo de recollida de lixo domiciliario e de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e en o *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta

¹





Concello de Campo Lameiro

días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://campolameiro.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo».

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V. e pr. de ALCALDE, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 7CEQ3SJDZ5YKTZNQWEPN7JHRR | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2



Cod. Validación: 9FKGSP43L2XP LEX3LPXAN4MDR | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2